

MINISTERIO DE FOMENTO

9433 *ORDE FOM/1392/2004, do 13 de maio, relativa á notificación e entrega de refugallos xerados polos buques. («BOE» 123, do 21-5-2004.)*

O Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga ten por obxecto a transposición ao noso ordenamento interno da Directiva 2000/59/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de novembro, do mesmo título. A súa finalidade é reducir as descargas ao mar dos refugallos e residuos procedentes dos buques, incentivando o uso de instalacións portuarias de recepción dos ditos residuos.

Os artigos 6 e 7.1 do citado real decreto, establecen as obrigas referentes á comunicación e entrega dos refugallos transportados nos buques que arriben aos portos españois. Así mesmo, o artigo 9 regula a posibilidade de exención das ditas obrigas, outorgada pola capitanía marítima correspondente aos buques que operen en tráfico regular e efectúen escalas frecuentes e regulares en determinados portos, sempre que xustifiquen ter implantado un sistema de entrega de refugallos.

O punto segundo do artigo 9 do Real decreto 1381/2002 autoriza o ministro de Fomento para desenvolver as condicións para a expedición das ditas certificacións.

Na súa virtude, dispoño,

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é a regulación das condicións para o outorgamento, polas capitanías marítimas, das certificacións de exención total ou parcial das obrigas reguladas no artigo 6 e no punto 1 do artigo 7 do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Os capitáns dos buques que operen en tráfico regular, con escalas frecuentes e regulares en determinados portos, poderán solicitar das capitanías marítimas de calquera dos portos de escala das ditas rutas, de acordo coas condicións que máis adiante se desenvolven, unha certificación de exención total ou parcial das obrigas reguladas no artigo 6 e no punto 1 do artigo 7 do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta orde enténdese por:

a) «Tráfico regular con escalas frecuentes e regulares en portos determinados»: a realización por un buque dunha ruta entre dous ou máis portos, con escalas periódicas e constantes entre os mesmos portos, durante un tempo determinado.

b) «Exención total»: a exención ao buque de notificar e entregar todos os tipos de refugallos que se xeran a bordo, para os cales o Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, determina a súa entrega a unha instalación receptora autorizada.

c) «Exención parcial»: a exención ao buque de notificar e entregar un ou máis refugallos, pero non a todos os refugallos que o buque xera.

Artigo 4. *Requisitos xerais para o outorgamento de exencións.*

1. A solicitude de exención débese cubrir segundo o modelo que figura no anexo 1 desta orde e estará asinada polo capitán ou no seu nome polo representante do buque para o que se solicita a dita exención.

2. Á solicitude de exención débeseelle xuntar copia compulsada do contrato de prestación do servizo ou da carta de aceptación dos refugallos por parte da instalación portuaria de recepción do porto onde o buque realice as entregas de refugallos.

3. Xuntaráselle tamén certificación do fretador, armador ou propietario acreditativo de que realiza viaxes regulares entre os mesmos portos.

4. Os documentos aos que se fai referencia no punto 2 anterior deberán conter, polo menos, a seguinte información:

4.1 Nome, enderezo postal, teléfono e fax da instalación portuaria de recepción.

4.2 Nome e cargo da persoa que desempeña a dirección da instalación portuaria de recepción.

4.3 Datos identificativos da autorización concedida pola entidade xestora do porto á instalación portuaria de recepción.

4.4 Nome, bandeira, número OMI e sinal distintivo do buque ao que se refire o documento en cuestión.

4.5 Clase e cantidade de refugallos do buque que a instalación portuaria de recepción admite.

4.6 Condicións básicas para a aceptación dos refugallos.

4.7 Data de expedición do documento.

4.8 Data de caducidade do contrato ou a carta de aceptación e as condicións para a súa renovación.

Artigo 5. *Das exencións parciais.*

1. As exencións parciais da entrega dalgún dos refugallos nunha ou varias instalacións portuarias receptoras coas que o dito buque mantén un contrato de servizo poderanse outorgar cando o citado contrato de recollida de refugallos non sexa aplicable a todos os tipos de refugallos xerados polo buque.

2. Neste caso o capitán do buque obxecto dunha exención parcial quedará obrigado a notificar e a entregar os refugallos xerados a bordo que a mencionada exención non cobre.

3. As exencións parciais poderán ser:

a) De notificación e entrega de refugallos oleosos.—No caso dos refugallos de hidrocarburos, aceites e augas contaminadas por hidrocarburos ou aceites procedentes dos espazos de máquinas.

b) De notificación e entrega de refugallos químicos.—Procedentes de operacións de limpeza dos espazos do buque, exceptuando os procedentes de limpeza nos tanques de carga dos buques quimiqueiros.

c) De notificación e entrega de augas sucias.—De acordo coas especificacións do anexo IV do Convenio MARPOL 73/78.

d) De notificación e entrega de lixos sólidos.—De orixe doméstica (lixos orgánicos) ou das operacións normais do buque; neste último caso será necesario especificar a natureza dos lixos aos que se aplica a exención (baterías, pilas alcalinas, pezas ou restos metálicos, envases, embalaxes, plásticos, restos hospitalarios, etc.), de acordo coas normas sobre segregación de lixos que establece o anexo V do Convenio MARPOL 73/78.

Artigo 6. *Requisitos particulares para o outorgamento dunha exención parcial.*

Para os efectos de solicitar unha exención parcial ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 4

da presente orde, deberase presentar a documentación que se detalla nos seguintes puntos:

a) Un plan anual de entrega da clase de refugallos para os que se solicita a exención, que xustifique que en ningún momento se vai superar a capacidade máxima de retención de refugallos a bordo con determinación por cálculo e experiencia das cantidades de residuos xeradas.

No caso de buques de pasaxe tipo «ferry» ou cruceiro deberase ter en conta no cálculo a variación media de pasaxeiros durante as temporadas de maior afluencia.

b) Planos de disposición de tanques, contedores ou espazos dedicados ao almacenamento dos refugallos para os cales se solicita a exención.

c) Táboa de capacidades de cada un dos tanques, contedores e espazos mencionados no punto anterior.

d) Certificados de prevención da contaminación, libros de rexistro dos refugallos e plans de xestión, se é o caso, relativos aos refugallos para os cales se solicita unha exención.

Artigo 7. *Requisitos particulares para o outorgamento dunha exención total.*

Para os efectos de solicitar unha exención total ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 4 da presente orde, deberase presentar a documentación que se detalla nos seguintes puntos:

a) Un plan anual de entrega de refugallos que xustifique que en ningún momento se vai superar a capacidade máxima de retención de refugallos a bordo con determinación por cálculo e experiencia das cantidades de residuos xeradas.

No caso de buques de pasaxe tipo «ferry» (transbordador) ou cruceiro deberase ter en conta no cálculo a variación media de pasaxeiros durante as temporadas de maior afluencia.

b) Planos de disposición de tanques de auga de sentinas e lodos, dos tanques de retención de augas sucias e dos contedores e espazos destinados ao almacenamento de lixos domésticos e outros refugallos sólidos. Todos os contedores e espazos destinados a refugallos sólidos deberán estar debidamente identificados de acordo co plan de xestión de lixos do buque que regula o anexo V do Convenio Internacional MARPOL 73/78.

c) Táboa de capacidades de cada un dos tanques, contedores e espazos mencionados no punto anterior.

d) Certificado internacional de prevención da contaminación por hidrocarburos (IOPP) e o seu suplemento.

e) Libro rexistro de hidrocarburos.

f) Certificado internacional de prevención da contaminación por augas sucias, cando sexa exhibible segundo a disposición transitoria segunda do Real decreto 1381/2002.

g) Libro rexistro de lixos.

h) Plan de xestión de lixos.

Artigo 8. *Do procedemento para o outorgamento dunha exención.*

1. A capitanía marítima que reciba unha solicitude de exención procederá a:

a) Cotexar a información contida nos documentos descritos nos puntos 1, 2, 3 e 4 dos artigos 6 e 7 anteriores, cos certificados e libros de rexistro do buque, e comprobar que os cálculos contidos no plan de entrega son correctos.

b) Comprobará, así mesmo, se a copia do contrato ou carta de aceptación dos refugallos do buque pola instalación ou instalacións portuarias receptoras corres-

pondentes contén toda a información especificada no artigo 4 da presente orde.

2. A capitanía poderá levar a cabo unha inspección a bordo do buque con obxecto de constatar a veracidade da información facilitada polo capitán do buque, relativa á capacidade ou á correcta identificación dos tanques, contedores e espazos destinados ao almacenamento de refugallos. Respecto á verificación da información sobre a ruta do buque poderá realizar as indagacións que estime pertinente para tal fin.

3. De estimarse que a solicitude cumpre satisfactoriamente con todos os requisitos, a capitanía marítima expedirá un orixinal e dúas copias do «certificado de exención» no modelo que figura no anexo 2 da presente orde. O orixinal do certificado entregaráselle ao capitán do buque ou ao representante do buque, unha copia del remitiráselle á entidade xestora do porto, nun prazo de 48 horas desde a súa emisión, e unha segunda copia quedará nos arquivos da capitanía marítima.

4. Tanto o orixinal como as copias do certificado mencionado no punto anterior deberán estar asinadas polo capitán marítimo.

Artigo 9. *Obrigas do capitán dun buque beneficiario dunha exención.*

1. O capitán dun buque beneficiario dunha exención deberá informar puntualmente a capitanía marítima que concedeu esta de calquera variación que se produza en relación cos portos de escala habitual do buque que figuran na mencionada exención.

2. Deberá facilitar, por requirimento dos servizos de inspección da capitanía marítima de calquera dos portos españois incluídos na ruta do buque, o acceso aos xustificantes de entrega de refugallos na instalación ou instalacións portuarias de recepción concertadas, así como aos libros de rexistro correspondentes.

3. O outorgamento dunha exención non eximirá o capitán do buque obxecto desta de facer entrega de todos os refugallos xerados a bordo en calquera porto da ruta, diferente do habitual, cando, de acordo coas prescricións do Convenio MARPOL 73/78, sexa previsible que se superará a capacidade de almacenamento dos citados refugallos nos espazos destinados para tal fin, antes da chegada ao porto onde dispón dun servizo de recollida contratado, conforme o cal lle foi concedida a exención.

Artigo 10. *Validez das exencións.*

1. As exencións outorgadas de acordo con esta orde terán validez durante un ano desde a data de expedición do certificado de exención e mentres se manteñan as condicións en virtude das cales se outorgaron.

A exención quedará sen efecto se o buque varía a súa ruta ou os sistemas de xestión dos refugallos quedan fóra de servizo ou sofren modificacións significativas.

2. As exencións concedidas por unha capitanía marítima só terán efecto no porto para o que se concederon, non serán válidas para os demais portos da ruta do buque; non obstante, logo de petición do capitán do buque ou o seu representante legal e á vista da exención concedida pola mencionada capitanía, a capitanía marítima doutro porto da ruta poderá facer extensiva a exención ao dito porto, mediante a correspondente certificación.

3. O outorgamento dunha exención de calquera das clases que se recollen nesta orde non supón unha redución ou exención automática da tarifa aplicable en virtude do artigo 8 do Real decreto 1381/2002, a cal deberá ser solicitada polo capitán do buque ou o seu representante á entidade xestora do porto.

4. Finalizada a vixencia da exención poderase pedir a súa renovación mediante solicitude pola que se acredite que as condicións orixinais se manteñen sen variación e á que se lle xuntará copia do recibo de entrega de residuos, expedido pola instalación portuaria receptora e referendado pola autoridade competente, no que conste o total de residuos efectivamente entregados durante ese período.

Artigo 11. Réxime especial dos buques e embarcacións dedicados a servizos portuarios.

Os buques e embarcacións que presten exclusivamente servizos nas zonas I ou II de servizo dun porto español cumprirán as seguintes condicións:

a) Xustificarán ante a capitanía marítima que dispoñen dun plan de entrega de refugallos á instalación portuaria receptora autorizada pola entidade xestora do

porto e que o dito plan está aceptado pola mencionada instalación.

b) Presentarán trimestralmente ante a capitanía marítima unha relación das entregas de refugallos efectuadas durante o dito período, co referendo da citada instalación.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.20.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor ao mes da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 13 de maio de 2004.

ÁLVAREZ ARZA

ANEXO 1: MODELO DE SOLICITUDE DE EXENCIÓN

En *(porto)*, o *(data)*, D. *(nome e apelidos)*, en calidade de *(capitán ou representante legal)* do buque denominado *(nome)*, de bandeira de *(país)*, número OMI *(núm. OMI)* e sinal distintivo *(distintivo de chamada)* declara que o mencionado buque está actualmente dedicado ao tráfico regular entre os seguintes portos

PORTO	PAÍS

SOLICITA ante a Capitanía Marítima de *(nome do porto baixo a súa xurisdición)* a exención *(parcial ou total)* do cumprimento dos artigos 6 e 7.1 do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga (BOE nº 305 do 21.12.2002).

Para tal fin, xunta a documentación marcada con (X) que se relaciona a continuación:

<input type="checkbox"/>	Certificación do fretador, armador ou propietario acreditativo de que realiza viaxes regulares entre os mesmos portos
<input type="checkbox"/>	Copia autenticada do contrato ou carta de aceptación da instalación(s) portuaria(s) de recepción de refugallos dos buques
<input type="checkbox"/>	Plan anual de entrega de refugallos
<input type="checkbox"/>	Plano de disposición de tanques de augas oleosas de sentinas e refugallos de hidrocarburos dos espazos de máquinas
<input type="checkbox"/>	Plano de disposición de tanques de augas sucias
<input type="checkbox"/>	Plano de disposición de contedores e espazos destinados ao almacenamento de lixos domésticos e outros refugallos sólidos
<input type="checkbox"/>	Táboa de capacidades de tanques, contedores e espazos destinados ao almacenamento de refugallos
<input type="checkbox"/>	Certificado internacional de prevención da contaminación por hidrocarburos (IOPP) e o seu suplemento
<input type="checkbox"/>	Libro rexistro de hidrocarburos
<input type="checkbox"/>	Certificado internacional de prevención da contaminación por augas sucias
<input type="checkbox"/>	Libro rexistro de lixos
<input type="checkbox"/>	Plan de xestión de lixos

Sinatura e selo do solicitante

ANEXO 2: MODELO DE CERTIFICADO DE EXENCIÓN

D. (*nome e apelidos*), capitán marítimo do porto de (*nome*),

CERTIFICA que o buque denominado (*nome*), de bandeira de (*país*), número OMI (*núm. OMI*) e sinal distintivo (*distintivo de chamada*), que realiza viaxes regulares entre os portos de:

PORTO	PAÍS

E dispón dun plan de entrega de refugallos vixente, cumpre as condicións establecidas na Orde ministerial (*número*) do (*data*) relativa ao outorgamento de exencións en virtude do artigo 9 do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga (BOE nº 305 do 21.12.2002), polo que resolve outorgar unha EXENCIÓN neste porto ao cumprimento do artigo 6, relativo á notificación e do artigo 7.1, relativo á entrega, dos seguintes refugallos contemplados nos anexos correspondentes do Convenio Internacional MARPOL 73/78(*):

- a) Todos
- b) Refugallos oleosos e augas contaminadas con hidrocarburos procedentes dos espazos de máquinas.
- c) Augas sucias.
- d) Lixos domésticos.
- e) Outros refugallos sólidos procedentes das operacións normais do buque.

Esta exención é válida por un ano contado a partir da data deste certificado, sempre e cando se manteñan as condicións que deron orixe á súa expedición.

En o de de .

O CAPITÁN MARÍTIMO
(sinatura e selo da capitanía marítima)

Asdo.:

(*) Riscar o que non corresponda.